

## O GLOBO INFLA SÓ

### **Que perseguimos?**

Queremos inflar un globo sen usar o aire dos pulmóns. Que infle por si mesmo.

### **Que material precisamos?**

Para este experimento necesitamos un globo, unha pota, unha botella de cristal, auga, papel de aluminio, unha cociña e a supervisión dun adulto.

### **Como fixemos?**

Enchimos unha pota con auga e puxémola a ferver na cociña. Xusto ante de romper a ferver, metimos a botella de cristal co globo na boquilla dentro. Acto seguido, tapamos a pota con papel de aluminio.

Despois de esperar varios minutos, destapamos e podemos observar que o globo estaba inflado.

### **Conclusións:**

O globo inflouse por si só porque o aire do interior da botella, ca calor, expandiuse e ocupou máis espacio. Este espacio era o interior do globo.

